

Contas anuais



2025

CONTA DE RESULTADOS

	2025	2024
A) EXCEDENTE DO EXERCICIO		
1. Ingresos da actividade propia	59.830,62	55.662,44
a) Cotas de asociados e afiliados	21.943,41	42.932,57
b) Aportacións de usuarios	12.489,80	12.729,87
c) Ingresos de promocións, patrocinadores y colaboracións	397,41	0,00
d) Subvencións, doazóns e legados imputados a excedente do exercicio	25.000,00	0,00
e) Reintegro de axudas e asignacións	0,00	0,00
2. Ventas e outros ingresos da actividade mercantil	0,00	0,00
3. Gastos por axudas e outros	-680,00	-705,00
a) Axudas monetarias	-680,00	-705,00
b) Axudas non monetarias	0,00	0,00
c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno	0,00	0,00
d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados	0,00	0,00
4. Variación exist. de prod terminados e en curso de fabricación	0,00	0,00
5. Traballos realizados pola entidade para o seu activo	0,00	0,00
6. Aprovisionamentos	-355,67	-278,41
7. Outros ingresos da actividade	0,00	0,00
8. Gastos de personal	-43.758,21	-42.329,15
9. Outros gastos da actividade	-12.488,95	-12.015,25
10. Amortización do inmovilizado	-517,96	-334,63
11. Subvencións, doazóns e legados de capital tras pasados a excedente do exercicio	0,00	0,00
12. Excesos de provisións	0,00	0,00
13. Deterioro e resultado por enaxenacións do inmovilizado	0,00	0,00
14. Outros resultados	0,00	0,00
A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13+14)	2.029,83	0,00
15. Ingresos financeiros	0,00	0,00
16. Gastos financeiros	0,00	0,00
17. Variación do valor razoable en instrumentos financeiros	0,00	0,00
18. Diferenzas de cambio	0,00	0,00
19. Deterioro e result de enaxenacións de instrumentos financeiros	0,00	0,00
A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓN S FINANCIEIRAS (15+16+17+18+19)	0,00	0,00
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	2.029,83	0,00
20. Impostos sobre beneficios	-2.029,83	0,00
I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.4+D+E+F+G+H)	0,00	0,00

BALANCE DA SITUACIÓN

ACTIVO	2025	2024
A) ACTIVO NON CORRENTE	2.634,42	3.152,38
I. Inmobilizado intanxible	0,00	0,00
II. Béns do Patrimonio Histórico	0,00	0,00
III. Inmobilizado material	2.634,42	3.152,38
IV. Inversións inmobiliarias	0,00	0,00
V. Inversións en entidades do grupo e asociadas a longo prazo	0,00	0,00
VI. Inversións financeiras a longo prazo	0,00	0,00
VII. Activos por imposto diferido	0,00	0,00
B) ACTIVO CORRENTE	30.907,75	15.370,27
I. Activos non correntes mantidos para a venda		
II. Existencias	0,00	0,00
III. Usuarios y otros debedores da actividade propia	0,00	0,00
IV. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	9.900,00	0,00
V. Inversións en entidades do grupo e asociadas a curto prazo	0,00	538,72
VI. Inversións financeiras a curto prazo	0,00	0,00
VII. Periodificacións a curto prazo	0,00	0,00
VIII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	21.007,75	14.831,55
TOTAL ACTIVO (A + B)	33.542,17	18.522,65



BALANCE DA SITUACIÓN

PA TRIMONIO NETO E PASIVO	2025	2024
A) PATRIMONIO NETO	1.710,07	1.710,07
A-1) Fondos propios	1.710,07	1.710,07
I. Fondo social	0,00	0,00
II. Reservas	0,00	0,00
III. Excedentes de exercicios anteriores	1.710,07	1.710,07
IV. Excedente do exercicio (*)	0,00	0,00
A-2) Subvencións, doazóns e legados recibidos	0,00	0,00
B) PASIVO NON CORRENTE	0,00	0,00
I. Provisións a longo prazo	0,00	0,00
II. Débedas a longo prazo	0,00	0,00
1. Débedas con entidades de crédito	0,00	0,00
2. Acreedores por arrendamento financeiro	0,00	0,00
3. Outras débedas a longo prazo	0,00	0,00
III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a longo prazo	0,00	0,00
IV. Pasivos por imposto diferido	0,00	0,00
V. Periodificacións a longo prazo	0,00	0,00
C) PASIVO CORRENTE	31.832,10	16.812,58
I. Pasivos vinculados con activos non corrente mantidos para a venda	0,00	0,00
II. Provisións a curto prazo	4.861,12	4.370,94
III. Débedas a curto prazo	0,00	0,00
1. Débedas con entidades de crédito	0,00	0,00
2. Acreedores por arrendamento financeiro	0,00	0,00
3. Outras débedas a longo prazo	0,00	0,00
IV. Débedas con entidades do grupo e asociadas a longo prazo	17.745,87	0,00
V. Beneficiarios-Acreedores	0,00	0,00
VI. Acreedores comerciais e outras contas pagar	3.744,23	1.372,75
1. Proveedores	0,00	0,00
2. Outros acreedores	3.744,23	1.372,75
VII. Periodificacións a curto prazo	5.480,88	11.068,89
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B + C)	33.542,17	18.522,65

INFORME DE XESTIÓN ECONÓMICA

EXERCICIO 2025

1.-ACTIVIDADE E NATUREZA

A Asociación ten personalidade propia e plena capacidade de obrar, estando suxeita ao que determina a Constitución Española, os seus estatutos e a lexislación vixente.

O seu domicilio e sede social estivo situada na rúa Ramón Montenegro, 3 en Lugo. O seu número de identificación fiscal é G-27287663. O ámbito territorial de acción previsto para a Asociación comprende a Comunidade Autónoma de Galicia.

Os fins e actividades da Asociación son:

1. A defensa dos intereses das persoas consumidoras e usuarias, incluíndo a información e educación destas, tanto con carácter xeral como en relación con produtos e servizos determinados, así como representar ás persoas asociadas e exercer as correspondentes accións na súa defensa ou na defensa dos intereses xerais das persoas consumidoras e usuarias.
2. Actividades de carácter veciñal, tanto socioculturais como de reclamación en materia de consumo ou reclamacións fronte ás Administracións Públicas.
3. Introducción ás novas tecnoloxías e realización de actividades formativas neste ámbito.
4. Realización de estudos de mercado e difusión dos resultados para o seu uso individual ou colectivo.
5. Colaborar coas Administracións Públicas mediante a elaboración de suxestións e propostas de toda clase.
6. Desenvolver, como organización de voluntariado, programas en materia de acción voluntaria na área do consumo.
7. A cooperación para o desenvolvemento internacional, especialmente en relación con aqueles temas que afecten á protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias noutros países.
8. A Asociación promoverá a defensa do Medio Ambiente e o consumo sostible.
9. Calquera outro fin e actividade que poida derivarse dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias e das veciñas e veciños, comunidades e asociacións veciñais.

Para o mellor desenvolvemento destes fins e por acordo da súa asemblea constituínte, a Asociación formará parte da organización de ámbito estatal Asociación de Consumidores e Usuarios en Acción - FACUA.

FACUA Galicia constitúese como entidade sen ánimo de lucro, como organización de carácter progresista independente de calquera grupo político e sindical.

2.- BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

Tal e como se especifica no apartado anterior, FACUA Galicia constitúese como entidade sen ánimo de lucro, polo que as contas anuais rexeranse polas normas contables publicadas mediante resolución do 26 de marzo de 2013, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se aproba o Plan de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos.

Coa entrada en vigor do Real Decreto 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación destas entidades, dispónse dun marco de información financeira útil, en consonancia co Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas.

A disposición final primeira do Real Decreto 1491/2011, do 24 de outubro, habilita ao Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (ICAC) para elaborar, mediante Resolución, un texto refundido que presente o Plan de Contabilidade de Pequenas e Medianas Entidades sen Fins Lucrativos, considerando a regulación específica aprobada, en virtude do cal se publica a norma.

Para tal efecto, o ICAC elabora o texto refundido incluído como anexo I, sometido aos criterios aprobados polo Real Decreto 1491/2011, do 24 de outubro, incorporando ao mesmo tempo todos os criterios do Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas que resultan de aplicación común ás empresas e ás entidades non lucrativas.

Imaxe fiel

Todos os documentos que integran as contas anuais adxuntas foron preparados a partir dos rexistros contables da Asociación.

Aplicando as disposicións legais en materia contable, consideramos que nestas Contas Anuais se ofrece razoablemente a imaxe fiel.

.

Principios contables

As Contas Anuais adxuntas foron formuladas a partir dos rexistros contables a 31 de decembro de 2025. Para mostrar a imaxe fiel, non houbo razóns excepcionais que xustificasen a falta de aplicación dalgún principio contable obrigatorio.

Non se aplicaron outros principios contables non obrigatorios para mostrar a imaxe fiel.

Comparación da información

Os datos contidos nas presentes contas anuais deben entenderse referidos ao exercicio anual rematado o 31 de decembro de 2025. Así mesmo, as referencias ao exercicio 2024 deben entenderse feitas ao exercicio anual rematado o 31 de decembro de 2024.

Únicamente para efectos comparativos presentamos con cada unha das partidas do balance, da conta de resultados e da memoria, ademais das cifras do exercicio 2025, as correspondentes ao exercicio anterior 2024.

Non existen razóns excepcionais que provoquen a modificación da estrutura do Balance de Situación e da Conta de Resultados do exercicio anterior.

Dito o anterior, non hai causas que impidan a comparación das Contas Anuais do exercicio co precedente; é dicir, ofrécense os datos comparativos dos exercicios 2025 e 2024.

Todos os importes figuran en euros.

Agrupación de Partidas

Os elementos patrimoniais están agrupados atendendo á súa natureza.

3.- EXCEDENTE DO EXERCICIO

O protocolo de financiamento e xestión económica aprobado por FACUA na súa Xunta Directiva e ratificado na Asemblea do 17 de abril de 2021 establece que FACUA será a responsable de cobrar as cotas de todas as persoas asociadas, co fin de dispoñer dos recursos económicos necesarios para o financiamento do orzamento anual das súas organizacións territoriais.

A organización FACUA garantiu os recursos para o financiamento da organización FACUA Galicia, achegando a cantidade necesaria para cubrir os seus gastos de funcionamento, atendendo ao número de cotas e persoas socias de pleno dereito ao corrente, consultas e reclamacións tramitadas e implementación e cumprimento dos manuais e protocolos aprobados por FACUA.

Pola aplicación dos criterios anteriores, o resultado do exercicio 2025 é de **0 euros**.

4.- NORMAS DE VALORACIÓN

Para a elaboración das presentes contas anuais aplicáronse todos os principios e normas de valoración obrigatorios.

Os principais criterios contables e normas de rexistro e valoración máis significativos aplicados na elaboración das contas anuais adxuntas correspondentes ao exercicio 2025 foron os seguintes:

Inmovilizado intanxible

Os elementos patrimoniais aquí contidos valóranse polo seu prezo de adquisición, se foron comprados ao exterior, ou polo seu custo de produción, se a súa orixe está na propia entidade.

Non existen e ao longo do exercicio non se adquiriu nin xerou ningún activo desta natureza.

Inmovilizado material

Os bens comprendidos no inmovilizado material adquirido valóranse polo seu prezo de adquisición e os bens de inmovilizado material producido polo seu prezo de produción, incluíndo os gastos adicionais producidos ata a posta en condicións de funcionamento do ben. Posteriormente, valóranse polo prezo de adquisición menos a amortización acumulada e menos o deterioro, se fose o caso.

Ao final do exercicio non hai indicios de que o inmovilizado da entidade sufrise deterioro que lle confira un valor inferior ao valor neto contable, polo que non se rexistrou ningunha perda desta natureza.

Os gastos de conservación e mantemento considéranse gastos do exercicio e, polo tanto, cargaranse á conta de Perdas e Ganancias do exercicio no que se incorran.

Respecto ao Imposto sobre o Valor Engadido, forma parte do prezo de adquisición, posto que se trata dun imposto non recuperable pola entidade, xa que debido á importancia relativa e complexidade do cálculo, decídese non aplicar a regra da prorrata do IVE.

A depreciación sistemática anual efectiva sufrida polos elementos do inmovilizado material corríxese mediante as contas de amortizacións. Dotaranse anualmente seguindo o método lineal, en función dun coeficiente estimado segundo un criterio financeiro conforme ás táboas de amortización que establece o Regulamento da Lei do Imposto sobre Sociedades, estimando un valor residual nulo e atendendo ao seguinte detalle:

ELEMENTO DE INMOBILIZADO MATERIAL	ANOS DE VIDA ÚTIL
Construcións	25
Instalacións técnicas	10
Maquinaria	10
Utilexe	5
Outras instalacións	10
Mobiliario	10
Equipos proceso información	4
Elementos de transporte	6
Outro inmovilizado material	10

Investimentos financeiros

Por este concepto figurarán no balance os depósitos e fianzas constituídos. Non existen.

Créditos non comerciais

Non existen. En futuros exercicios rexistraranse polo importe entregado.

Existencias

Non existen. En futuros exercicios, os bens, servizos e outros activos comprendidos nas existencias valoraranse polo seu custo, xa sexa o prezo de adquisición ou o custo de produción.

Subvencións

O criterio a ter en conta na imputación a resultados das subvencións concedidas é o seguinte:

As subvencións de capital contabilizaranse no epígrafe de ingresos a distribuír en varios exercicios e valoraranse polo importe concedido cando teñan carácter non reintegrable, imputándose ao resultado do exercicio en función da amortización dos activos financiados por ditas subvencións.

As subvencións á explotación rexistraranse como ingresos na conta de perdas e ganancias polo importe concedido e na data da súa concesión. A parte pendente de cobro ao peche de cada exercicio recóllese no epígrafe de debedores por subvencións.

Neste exercicio recibíronse 25.000,00 euros en virtude do Convenio entre o Instituto Galego de Consumo e da Competencia e a Asociación de Consumidores e Usuarios en Acción FACUA Galicia, para a promoción e desenvolvemento de actuacións de atención e resolución das reclamacións en materia de protección das persoas consumidoras a través da mediación e a arbitraje.

Provisións para pensións

Os fondos necesarios para cubrir as obrigas referentes ao persoal contabilízanse tendo en conta os cálculos actuariais dispoñibles para tal efecto, sen que ata a data a entidade efectúe ningunha actuación ao respecto.

Outras provisións

As responsabilidades probables ou certas de calquera natureza con orixe en litixios en curso, reclamacións, avais, garantías, indemnizacións e obrigas pendentes de contía indeterminada provisionáranse contra resultados.

Débedas a longo e curto prazo

A clasificación a curto e longo prazo realízase tendo en conta o prazo previsto para o vencemento ou cancelación, considerándose a longo prazo cando sexa superior a un ano.

Ao inicio do exercicio reclasifícanse as débedas existentes de longo a curto prazo na proporción correspondente ao importe que vence nese mesmo ano.

Figuran polo seu valor nominal, imputándose a resultados a parte de xuros conforme á data de vencemento.

Imposto sobre beneficios

O réxime fiscal aplicable á organización é o "réxime fiscal das entidades parcialmente exentas", regulado no capítulo XV do título VII da Lei do Imposto sobre Sociedades, tendo en conta as modificacións introducidas na Lei 27/2014 do Imposto sobre Sociedades.

Por iso, só está obrigada a tributar polos ingresos alleos á súa actividade principal (exenta), unha vez deducidos os gastos imputables á actividade non exenta.

Transaccións en moeda estranxeira

A valoración destas transaccións convértese a euros aplicando o tipo de cambio na data da transacción.

Cotas de persoas socias

As achegas de FACUA, no modelo de financiamento aprobado, clasifícanse dentro da conta de resultados como ingresos por cotas de asociados e afiliados, xa que esta é a natureza do recurso, independentemente de que a xestión e distribución a realice a primeira.

Ingresos e gastos

Os ingresos e gastos impútanse en función do criterio de devindicación, é dicir, cando se produce o feito que orixina o dereito ou obriga, con independencia do momento no que se produza a corrente financeira ou monetaria derivada diso.

5.- ANÁLISIS DE CONTAS DE BALANCE ACTIVO

ACTIVO

A) Activo non corrente

Inmobilizado intanxible (apartado A.I)

Os elementos patrimoniais aquí contidos valóranse polo seu prezo de adquisición, se foron comprados ao exterior, ou polo seu custo de produción, se a súa orixe está na propia entidade. Non existen elementos de inmovilizado intanxible.

Inmobilizado material (apartado A.III)

O saldo das contas que forman parte deste epígrafe é de **2.634,42 euros**, correspondentes ás cantidades pendentes de amortizar do inmovilizado material.

Ao longo de 2025 non se adquiriu ningún tipo de inmovilizado.

B) Activo corrente

Debedores e outras contas a cobrar (apartado B.IV)

O saldo deste epígrafe corresponde co importe concedido en 2025 polo Instituto Galego de Consumo, que a data 31 de decembro se atopa pendente de cobro, pola cantidade de **9.900,00 euros**.

Efectivo e outros activos líquidos (apartado B.VIII)

Neste epígrafe figura a liquidez da organización en conta corrente bancaria a 31 de decembro de 2025, por un importe de **21.007,75 euros**.

PASIVO

A) Patrimonio Neto

Fondos propios (apartado A-1)

Tal e como se explicou no apartado 3 desta Memoria e como resultado da aplicación dos criterios recollidos no documento "Protocolo de financiamento e xestión económica", os fondos propios cos que pechamos o exercicio ascenden a **1.710,07 euros**.

Subvencións, doazóns e legados recibidos (apartado A-2)

No ano 2025 non se recibe ningunha subvención de capital, doazón ou legado, polo que non hai partidas no balance por estes conceptos.

B) Pasivo non corrente

Non existen débedas contraídas cuxo vencemento vaia producirse nun prazo superior a un ano.

C) Pasivo corrente

Provisións a curto prazo (apartado C-II)

O saldo desta conta, por importe de **4.861,12 euros**, corresponde cos gastos de desprazamento provisionados e que pagan as persoas socias que acoden aos tribunais mediante unha estimación previa realizada.

Débedas con entidades asociadas a curto prazo (apartado C.IV)

O importe de **17.745,87 euros** corresponde coa cantidade que FACUA Galicia deberá devolver, compensándose no seguinte exercicio, correspondente ao exceso de achega realizado por FACUA para garantir o funcionamento da organización.

Acredores comerciais e outras contas a pagar (apartado C.VI)

As débedas da entidade aparecen polo seu valor de reembolso.

Non existen na entidade débedas cuxa duración residual sexa superior a cinco anos, nin débedas con garantía real.

O importe de **3.744,23 euros** corresponde cos saldos da conta de provedores, Facenda Pública acreedora polo importe das retencións correspondentes ao cuarto trimestre e que se liquidan no mes de xaneiro, así como da conta Organismos da Seguridade Social acreedora polo importe dos seguros sociais correspondentes ao mes de decembro, que tamén se liquidan a finais de xaneiro.

Periodificacións a curto prazo (apartado C.VII)

O importe de **5.480,88 euros** corresponde ás cantidades xeradas polas cotas extraordinarias achegadas polos nosos socios para gastos de defensa en tribunais en próximos exercicios.

6.- INGRESOS E GASTOS. Conta de Resultados

Ingresos da actividade propia (apartado 1)

Os ingresos recibidos ao longo do exercicio son en concepto de:

- a) Achegas realizadas por FACUA, que tal e como indicamos, segundo o modelo de financiamento aprobado, clasifícanse dentro da conta de resultados como ingresos por cotas de asociados e afiliados, xa que esta é a natureza do recurso: **21.943,41 euros**.
- b) Achegas de usuarios por un importe de **12.489,80 euros**, correspondente ás cantidades que se imputaron ao resultado do exercicio das cotas extraordinarias equivalentes aos gastos incorridos durante o exercicio polos procedementos iniciados por vía xudicial.
- c) Subvencións, doazóns e legados, por importe de **25.000,00 euros**, correspondente ao importe recibido en virtude do Convenio entre o Instituto Galego de Consumo e da Competencia e a Asociación de Consumidores e Usuarios en Acción FACUA Galicia, para a promoción e desenvolvemento de actuacións de atención e resolución das reclamacións en materia de protección das persoas consumidoras a través da mediación e a arbitraje.

Gastos por axudas e outros (apartado 3)

a) Axudas monetarias: **680,00 euros**, correspondente á achega á Fundación FACUA para a Cooperación Internacional e o Consumo Sostible.

Aprovisionamentos (apartado 6)

En concepto de compras de aprovisionamentos recóllense os gastos de material de oficina, carteis e folletos, correos, ferraxaría, fotocopias e consumibles informáticos, por un importe total de **355,67 euros**.

Gastos de persoal (apartado 8)

Como cargas sociais aparecen unicamente as cotas da entidade a favor dos organismos da Seguridade Social, establecidas como achegas obrigatorias, que xunto co montante da conta de Soldos e Salarios compoñen o importe total en gastos de persoal do exercicio por **43.758,21 euros**.

Outros gastos da actividade (apartado 9)

Neste apartado xenérico englobamos os gastos co seguinte detalle e desagregación nas subcontas correspondentes:

Concepto	Importe
Arrendamentos e cánones	6.082,44 €
Reparacións e conservación	568,70 €
Subministracións	2.820,14 €
Servizos profesionais independentes	60,50 €
Servizos e comisións bancarias	285,60 €
Gastos por realización de actividades formativas	317,40 €
Reunións e xornadas (desprazamentos e manutención)	751,09 €
Primas de seguros	1.594,99 €
Outros tributos	8,09 €
TOTAL	12.488,95 €

Amortización do inmovilizado (apartado 10)

Conforme aos coeficientes de amortización establecidos, o importe da dotación anual para a amortización do inmovilizado material foi de **517,96 euros**

7.- OUTRA INFORMACIÓN

Os cargos directivos de FACUA Galicia teñen carácter voluntario, polo que o labor desempeñado nestes cargos na entidade ten carácter non retribuído.

Esta Memoria, xunto co resto dos Estados Contables que forman o conxunto das Contas Anuais, aprobarase na Asemblea Xeral de FACUA Galicia celebrada na cidade de Lugo o día 16 de maio de 2026.

Víctor M. Muñoz Meilan
PRESIDENTE

Carlos Estévez Valiñas
TESOUREIRO



Consumidores en Acción

facua.org/galicia